

## ACTA

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2022/30	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	20 de outubro de 2022
<b>Duración</b>	Dende as 13:07 ata as 13:50 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Manuel Cuiña Fernández
<b>Secretaria</b>	Lucía Artime Alonso

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Angela Troitiño Gil	NO
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

<b>Aprobación da acta da sesión anterior: 06.10.2022</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 06 de outubro de 2022.	

**Aprobación da acta da sesión anterior: 13.10.2022**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 13 de outubro de 2022.

**Expediente 1351/2022. Devolución de Aval. “SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBÁNS DO CONCELLO DE SILLEAD. EXPTE. N.º 1”.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

En data data 10.09.2022 con Rexistro de Entrada n.º 2022-E-RE-1100 por Julia Tejero Ruiloba en representación de URBASER, S.A.U. con C.I.F. A79524054 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída para responder do contrato de servizos denominado “SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBÁNS DO CONCELLO DE SILLEAD. EXPTE. N.º 1”

Visto que a cláusula XIX do Prego de cláusulas administrativas establece que: “A garantía definitiva responderá dos conceptos mencionados no artigo 88 LCSP. A devolución e cancelación das garantías efecturase de conformidade co disposto no artigo 90 da LCSP e 65.2 e 3 do RXLCAP.”

Considerando que de conformidade co establecido no art. 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;

Visto que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún por parte deste sobre a súa execución.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a devolución do Aval n.º 730425247-8 de Kutxabank, S.A., por importe de 34.359,80 €, constituído como garantía do correcto cumprimento do contrato de servizos denominado “SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBÁNS DO CONCELLO DE SILLEAD. EXPTE. N.º 1”.

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

**Expediente 1265/2019. Devolución de Aval. “PROGRAMA LÚDICO EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO - 2019**

**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

En data data 04.10.2022 con Rexistro de Entrada n.º 2022-E-RE-1195 por David Campos Moreira en representación de CENTRO DE ORIENTACION DE ESTUDIOSCOMERCIALES SL (COESCO) con C.I.F. B36043073 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída para responder do contrato de servizos denominado “PROGRAMA LÚDICO EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP Pluriligüe de Silleda e no CEIP Ramón de Valenzuela de Bandeira”

Visto que a cláusula 20 do Prego de cláusulas administrativas establece que: “Esta garantía responderá os conceptos incluídos no artigo 110 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e transcorrido [un ano/6 meses] desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 110.”

Considerando que de conformidade co establecido no art. 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;

Visto que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún por parte deste sobre a súa execución.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a devolución do Aval efectuado mediante transferencia realizada o 05 de setembro de 2019, por importe de 2.467,50 €, constituído como garantía do correcto cumprimento do contrato de servizos denominado “PROGRAMA LÚDICO EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP Pluriligüe de Silleda e no CEIP Ramón de Valenzuela de Bandeira”.

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

**FOD - Expediente 2142/2021. Contratacións. PROGRAMA LÚDICO EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO - 2022****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento**Inclusión por urxencia Expediente 2142/2021**

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da

presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 20 de outubro de 2022.

### **Expediente 2142/2021. Contratacións. PROGRAMA LÚDICO EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO - 2022**

Visto o expediente de contratación do servizo “PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP Plurilingüe de Silleda e no CEIP Ramón de Valenzuela de Bandeira”

Vista a tramitación seguida durante a súa licitación e a a reunión da Mesa de Contratación que tivo lugar o día 22 de setembro de 2022 na que se propón a clasificación de ofertas e a consecuente proposición de Adxudicación

Visto que a Mesa de Contratación eleva a súa proposta de adxudicación a favor da empresa licitadora CENTRO DE ORIENTACIÓN DE ESTUDIOS COMERCIALES SLU (COESCO), con NIF B36043073, polo prezo de 48.490,00 €/ano (193.960,00 €/4 anos).

Visto que, a través do rexistro municipal na data 05 de outubro de 2022, Rexistro de Entrada 2022-E-RE-1204, presenta correctamente a documentación solicitada, así como o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5 % do importe da adxudicación, emitíndose por Tesourería a correspondente carta de pago

Visto todo o anterior e dentro da competencia que lle corresponde á Alcaldía, segundo o sinalado na DA 2ª da LCS e, artigo 21.1 da Lei 7/85 e tendo delegada dita competencia na Xunta de Goberno Local

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

1º.- Adxudicar o contrato de servizos “PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP Plurilingüe de Silleda e no CEIP Ramón de Valenzuela de Bandeira” á empresa licitadora, CENTRO DE ORIENTACIÓN DE ESTUDIOS COMERCIALES SLU (COESCO), con NIF B36043073, polo prezo de 48.490,00 €/ano (193.960,00 €/4 anos).

2º.- Proceder a publicar o correspondente anuncio de adxudicación no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

3º.- Formalizar o contrato no prazo máis breve posible, e, en todo caso, no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación, debendo ser publicado posteriormente anuncio de formalización no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público dentro dos quince días hábiles seguintes.

4º.- Notificar o presente Acordo ao adxudicatario e demais licitadores.

### **FOD - Expediente 1068/2022. Contratacións. “RENOVACIÓN DO ALUMEADO A LED NOS CAMPOS DE FUTBOL OUTEIRIÑO E A GANDAREIRA”**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

#### **Inclusión por urxencia Expediente 1068/2022**

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 20 de outubro de 2022.

### **Expediente 1068/2022. Contratacións. “RENOVACIÓN DO ALUMEADO A LED NOS CAMPOS DE FUTBOL OUTEIRIÑO E A GANDAREIRA”**

Visto o expediente de contratación da obra “RENOVACIÓN DO ALUMEADO A LED NOS CAMPOS DE FUTBOL OUTEIRIÑO E A GANDAREIRA”

Vista a tramitación seguida durante a súa licitación e a a reunión da Mesa de Contratación que tivo lugar o día 19 de outubro de 2022 na que se propón a clasificación de ofertas e a consecuente proposición de Adxudicación

Visto que a Mesa de Contratación eleva a súa proposta de adxudicación a favor da empresa licitadora MONTEFARO ELECTRICIDADE, S.L.U, con NIF B94057379, polo prezo de 54.571,00 € euros, que se desagrega en 45.100,00 euros correspondente ao importe do contrato sen impostos e 9.471,00 euros en concepto de IVE.

Visto que, a través do rexistro municipal na data 19 de outubro de 2022, Rexistro de Entrada 2022-E-RE-1256, presenta correctamente a documentación solicitada, así como o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5 % do importe da adxudicación, emitíndose por Tesourería a correspondente carta de pago

Visto todo o anterior e dentro da competencia que lle corresponde á Alcaldía, segundo o sinalado na DA 2ª da LCS e, artigo 21.1 da Lei 7/85 e tendo delegada dita competencia na Xunta de Goberno Local

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

1º.- Adxudicar o contrato de obras “RENOVACIÓN DO ALUMEADO A LED NOS CAMPOS DE FUTBOL OUTEIRIÑO E A GANDAREIRA” á empresa licitadora, MONTEFARO ELECTRICIDADE, S.L.U., con NIF B94057379, polo prezo de 54.571,00 € euros, que se desagrega en 45.100,00 euros correspondente ao importe do contrato sen impostos e 9.471,00 euros en concepto de IVE.

2º.- Excluir da licitación os seguintes licitadores:

- INSTALACIONES Y SERVICIOS ELECTRICOS MAREI, S.L., por non ter en tempo ROLECE.
- COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS, S.A., por non xustificación axeitada da súa baixa temeraria.

3º.- Proceder a publicar o correspondente anuncio de adxudicación no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

4º.- Formalizar o contrato no prazo máis breve posible, e, en todo caso, no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación, debendo ser publicado posteriormente anuncio de formalización no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público dentro dos quince días hábiles seguintes.

5º.- Notificar o presente Acordo ao adxudicatario e demais licitadores.

#### **FOD - Expediente 772/2022. Solicitud de Certificado ou Informe Urbanístico**

**Favorable**

**Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

#### **Inclusión por urxencia Expediente 772/2022**

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 20 de outubro de 2022.

#### **Expediente 772/2022. Solicitud de Certificado ou Informe Urbanístico**

Visto o escrito presentado por Javier López Taboada en representación de GONZALO TRUJILLO VILLARDEFrancos, Rexistro de Entrada 2022-E-RE-513, de data 16 de maio de 2022, de solicitude de Certificado ou informe, para declarar a innecesidade de segregación.

Visto que pola Arquitecta Técnica Municipal, María Luisa Presas Rodríguez, con data 17 de outubro de 2022 emítese informe técnico que literalmente establece:

*“As parcelas sinaladas, con referencias catastrais 36052K505090050000ER, 36052K505154830000EG e 36052K505054830000EE, son froito da apertura dos viais Emilio Alonso Paz e Pintor Colmeiro, recollidos no planeamento municipal e quedan delimitadas polos mesmos”.*

Asimesmo, tal e como indica o informe técnico, polo que se extrae da documentación a aportada, o cómputo de superficies de parcelas segregadas é igual que a sa superficie da parcela matriz

PARCELA MATRIZ	PARCELAS SEGREGADAS	SUPERFICIES	CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA
Parcela 2: 8.404,00 m2 (Resultante de la segregación realizada en Febreiro 2022. EXP:38/2022	PARCELA 1: Ref Catastral: 36052K50515483	2.982,00 m2	Rústica
	PARCELA 2: Ref. Catastral: 36052K50505483	2.628,00 m2	Rústica
	PARCELA 3: Ref Catastral: 36052K50509005	2.794,00 m2	Vial

Visto que con data 19 de outubro de 2022, emítese informe xurídico pola Secretaria da Corporación no que conclúe:

*“Dándose o requisito da innecesiedade de outorgamento de licencia de segregación por concurrir o suposto excepcional de que dita segregación sexa consecuencia da execución de infraestruturas (apertura de viais), e téndose presentada toda a documentación esixida no artigo 355 do do Decreto 143/2016, procede acordar a innecesiedade de licencia de segregación, emitíndose ao respecto a correspondente certificación.”*

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro: Acordar a innecesiedade de licencia de segregación dos terreos pola execución de infraestruturas e dotacións públicas, con referencias catastrais 36052K505090050000ER, 36052K505154830000EG e 36052K505054830000EE.

Segundo: Notificar este acordo o interesado.

**FOD - Expediente 1689/2021. Solicitude de Licenza ou Autorización Urbanística**



**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento**Inclusión por urxencia Expediente 1689/2021**

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 20 de outubro de 2022.

**Expediente 1689/2021. Solicitud de Licenza ou Autorización Urbanística**

Visto que por Javier López Taboada presentouse escrito o 24/09/2021, con rexistro de entrada 1027/2021, actuando en nome de Roberto Raúl López Infantes Montenegro, polo que se solicita licenza de segregación para reorganización de parcelas. Acompáñase documento denominado "Informe técnico de segregación coa finalidade de reorganizala propiedade en Cabodevila- Vilar-Silleda (Pontevedra)", asinado polo enxeñeiro técnico agrícola, colexiado número 448 do COITA de Ourense, Luis Manuel Galego García.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 31 de marzo de 2022 acordouse:

*"Denegar a concesión de licenza de segregación para reorganización de parcelas, segundo a proposta recollida no documento presentado "Informe técnico de segregación coa finalidade de reorganizala propiedade en Cabodevila-Vilar-Silleda (Pontevedra)", asinado polo enxeñeiro técnico agrícola, colexiado número 448 do COITA de Ourense, Luis Manuel Galego García en data 24-09-2021, solicitada por Roberto Raúl López Infantes Montenegro, con DNI número 53.018.909-E, ao entender que a parcela matriz con referencia catastral 36052L503002420000BQ que se pretende segregar é unha única parcela e que a segregación incumpre o establecido no artigo 149 da Lei do Solo de Galicia e no 367 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia."*

Visto que o mencionado acordo e recibido segundo consta no expediente de referencia o 1 de abril de 2022 e presentado recurso o 4 de abril de 2022 (REN nº 2022-E-RE-336), polo tanto presentado en tempo e forma dentro do prazo fixado legalmente.

Visto que con data 19 de maio de 2022 polo Arquitecto Municipal, Lino Manuel Doporto Framil, emítase informe que desestima o recurso de reposición presentado concluíndo: *"na documentación aportada non se xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, a existencia dos cinco predios de partida que se mencionan na memoria orixinal. Por tanto, desestímase a alegación presentada"*.



Visto o informe xurídico emitido pola Secretaria da Corporación en data 19 de outubro de 2022.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro: Desestimar a legación presentada por Javier López Taboada, en representación de Roberto Raúl López Infantes Montenegro, mediante escrito con Rexistro de Entrada 2022-E-RE-336, de data 04 de abril de 2022 en base o sinalado no informe técnico anteriormente mencionado.

Segundo: Notificar este acordo o interesado.

### **FOD - Expediente 1540/2022. Certamen municipal #SilledaFaiNadal 22-23**

**Favorable**

**Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

#### **Inclusión por urxencia Expediente 1540/2022**

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 20 de outubro de 2022.

### **Expediente 1540/2022. Certamen municipal #SilledaFaiNadal 22-23**

Visto que dende o Concello de Silleda se comezou a promover en 2022 a participación da veciñanza na decoración navideña a través do certame #SilledaFaiNadal

Visto o éxito acadado nas dúas edicións anteriores, ca participación de colectivos e veciños e veciñas a título individual

Visto que o certame axuda tamén á dinamización do comercio e da hostalería local, con premios que consisten en gastar nos establecementos destes sectores

Visto que para a celebración do certame é preciso contar con bases que rixan o mesmo

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar as bases que a continuación se transcribe e que rexerán o certamen municipal #SilledaFaiNadal 22-23:

#### BASES CONCURSO #SilledaFaiNadal

O Concello de Silleda, a través das Concellarías de Cultura e de Comercio convoca o certame #SilledaFaiNadal, un concurso de decoración con motivos navideños no termo municipal, que ten como obxectivos:

- Dinamizar a participación activa da veciñanza de Silleda.
- Promover e difundir a creación dun ambiente propio das datas festivas do Nadal, baseado en valores como o traballo común, a fraternidade, a cooperación e a sustentabilidade
- Por en valor o uso de materiais realizados a man, así como promover o aproveitamento de material de refugallo e os principios da economía circular
- Dar protagonismo activo á veciñanza e colectivos como fonte de desenvolvemento e intervención comunitarios.
- Fomentar tamén valores locais que queden expostos nos distintos elementos decorativos do Nadal.

#### Temática

O motivo e a temática será única e exclusivamente a decoración de Nadal, con total liberdade de creación para os participantes.

#### Participantes e Categorías

O concurso está dirixido a todas as persoas que vivan no municipio de Silleda.

Establécense dúas categorías :

- Individual: Poderán participar a título persoal persoas residentes en Silleda ca decoración de balcón, galerías e fachadas de edificios ou vivendas unifamiliares, sempre que as creacións sexan visibles dende o exterior.
- Colectiva: Comunidade de veciños, asociacións, grupos ... Neste caso deberase elixir un emprazamento do que se informará previamente o Concello de Silleda no momento de realizar a inscrición.

#### Condicións de participación

- Poderán participar neste concurso todas as vivendas (fachadas, xardíns, fiestras e balcóns) sitas no termo municipal de Silleda. Será unha participación por vivenda e persoa ou asociación.

- As persoas que queiran participar deberán inscribirse no concurso, dende o 1 ao 30 de novembro de 2022, cumprimentando o modelo de inscrición que se facilitará no Concello. Deben presentarse no Rexistro Municipal (de 09:00 a 14:00 horas).

- As decoracións de balcóns e ventás deberán cumprir parámetros de seguridade para non causar prexuízos ou danos para as persoas e os bens.

- As decoracións serán visibles dende o exterior, e estar instaladas, como mínimo dende o 15 de decembro ata o 5 de xaneiro de 2023.

- Admitiranse todo tipo de materiais para a construción da ornamentación e valoraranse especialmente a orixinalidade, deseño, uso de ornamentos feitos a man ou con material de refugallo, así como a interculturalidade dos decorados. No caso de contar con iluminación, valorarase o uso de luminarias fotovoltaicas ou de tecnoloxía LED de baixo consumo.

Cada persoa do Xurado puntuará de 0 a 10 os traballos participantes. A suma de todos os puntos recibidos dará lugar ás persoas e agrupacións gañadoras. En caso de empate, volverase a puntuar para desempatar. Unha vez valorado polo xurado non poderá ser modificado ou manipulado (en caso de facelo quedaría excluído do concurso). O xurado reservase a potestade de interpretar, en caso de dúbida, e de ser necesario, as seguintes bases, así como de declarar deserto o concurso. Do mesmo xeito, resolverá calquera imprevisto que poida xurdir e que non este previsto nestas bases.

**Prazo de presentación**

O Prazo de inscrición será dende o día 1 ao 30 de novembro de 2022

**Premios**

En cada unha das categorías establécense 3 premios:

**CATEGORÍA COLECTIVA:**

1º Premio. Vale de 1.000 euros para gastar nos comercios/hostalería local.

2º Premio. Vale de 700 euros para gastar nos comercios local/hostalería local

3º Premio. Vale de 500 euros para gastar nos comercios/hostalería local local

**INDIVIDUAL:**

1º Premio. Vale de 500 euros para trocar nos comercios/hostalería local

2º Premio. Vale de 300 euros para trocar nos comercio /hostalería local

3º Premio. Vale de 175 euros para trocar nos comercios/hostalería local

Enténdese como comercios/hostalería local calquera establecemento situado no termo municipal de Silleda.

Xurado

O xurado estará formado por integrantes de asociacións ou colectivos que non participen no concurso e por un representante do Concello, con voz pero sen voto, así como por un técnico municipal, que actuará como secretario/a.

Entrega

A resolución do concurso comunicarase, de ser posible, ao longo do mes de xaneiro. Publicarase nas redes sociais do Concello e será comunicado por chamada telefónica ás persoas e agrupacións galardoadas.

SEGUNDO. Dar conta ao departamento de Intervención a efectos de realizar a retención de crédito correspondente para os premios

#### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

#### **C) ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**